

Formulario individual de participación na actividade
“EU♥UE: Conexión Europa 4.0”

CONCELLO DE PONTEDEUME

DATOS DOS PARTICIPANTES

-Nome e apelidos:

-Teléfono:

- **Nickname***: Pontedeume1_.....(* poñer no espazo de puntos un *nickname* ou o nome de pila sen apelidos, por exemplo Pontedeume1_Juan)

- **Correo electrónico**:

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

A actividade será desenvolvida mediante webinar online. Para estes efectos a empresa coordinadora da actividade remitirá ligazón ao correo electrónico previsto para facilitar o acceso á sesión.

Será necesario dispor de cámara web e micrófono para participar na actividade, estes dispositivos activaranse e desactivaranse durante as sesións a pedimento da organización.

A sesión será gravada para os efectos de comprobar o efectivo desenvolvemento da mesma pola Deputación da Coruña, dita gravación non será publicada pola Deputación da Coruña en ningún medio de difusión.

Realizaranse capturas de pantalla durante a actividade para os efectos de dar publicidade posterior á actividade nas plataformas de comunicación da Deputación provincial da Coruña.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

Os seguintes datos serán tratados pola Deputación da Coruña con dirección en Avenida Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña, para xestionar a actividade e dar publicidade á mesma en medios institucionais: nome e apelidos, teléfono, correo electrónico, imaxe e voz.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais é o consentimento que o participante outorga á Deputación Provincial coa súa firma.

Os datos tamén serán tratados por Pekecha S.L.U., empresa encargada da coordinación da actividade.

A Diputación conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coas finalidades para as que se solicitaron e para determinar as posibles

responsabilidades que se poidan derivar das finalidades expostas e do tratamento dos datos.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou en persoa nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Se consideran que o presente tratamento incumpre o establecido no RGPD poden presentar unha reclamación ante a AEPD.

Para calquera outra dúbida relacionada coa protección de datos as persoas interesadas poden dirixir un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

DECLARACIÓNS VINCULANTES

1.- O participante, acepta expresamente a gravación do webinar para os efectos de comprobar o correcto desenvolvemento da actividade.

2.- O participante, acepta expresamente que as imaxes capturadas no desenvolvemento da actividade poidan aparecer en calquera plataforma de comunicación da Deputación provincial da Coruña, emisión en transmisión en canle web (webstreaming), páxina web, redes sociais, vídeos, folletos divulgativos e/ou exposicións, respectando sempre o disposto na vixente normativa de protección de datos, así como o estipulado na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

O prazo da cesión dos dereitos de imaxe e voz será por tempo indefinido, de forma gratuíta e sen límite no seu ámbito territorial. A Diputación provincial da Coruña coidará de que a captación e a utilización das imaxes non atente contra a dignidade nin o dereito á honra das persoas, nin contra a moral e a orde pública, nos termos establecidos na lexislación vixente.

3.- O participante, consente expresamente o tratamento dos seus datos persoais para os efectos do previsto no apartado anterior.

Na Coruña, a ___ de _____ de 2020.

Asdo:

Nome e apelidos: